



## Concello de Ribeira de Piquín

### **BANDO** **AXUDAS PARA ACTUACIÓNS DE MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA EN VIVENDAS**

O xoves día 3 de marzo saíu publicada no DOG a resolución do Instituto Galego da Vivenda e Solo pola que se convoca unha liña de subvencións para actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas, por concorrencia non competitiva ata esgotar o crédito dispoñible.

#### **ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES**

Aquelas que se realicen en vivendas unifamiliares ou plurifamiliares, que constitúan o domicilio habitual e permanente das persoas propietarias, usufrutuarias ou arrendatarias.

#### **REQUISITOS**

- Redución da demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración de, polo menos, o 7%.
- Redución do consumo de enerxía primaria non renovable, polo menos, un 30%.
- No caso de substitución de elementos construtivos da envolvente térmica, adecuar as súas características aos valores límite de transmitancia térmica e de permeabilidade ao aire.
- Non serán subvencionables os investimentos en xeradores térmicos que utilicen combustible de orixe fósil.

#### **CONTÍA DA AXUDA**

A contía da subvención será do **40% do custo da actuación, cun límite de 3.000 euros. O custo mínimo da actuación deberá ser igual ou superior a 1.000 euros por vivenda.**

#### **PRAZO DE SOLICITUDES**

O prazo de presentación de solicitudes será **dende o día 4 de marzo de 2022 ata o 14 de outubro de 2022, agás que con anterioridade se esgote o crédito orzamentario.**

Para calquera información contactar coa Técnica de Emprego e Desenvolvemento Local no Concello de Ribeira de Piquín, que estará á súa disposición de 9:00 a 14:00 horas.

Ribeira de Piquín, 3 de marzo de 2022.

O Alcalde.

Asdo.- Roberto Fernández Rico

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

